



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Introdución ao Dereito	Código	660G01001	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Faraldo Cabana, Cristina	Correo electrónico	c.faraldo@udc.es	
Profesorado	Faraldo Cabana, Cristina	Correo electrónico	c.faraldo@udc.es	
Web	www.erlac.es			
Descrición xeral	<p>A materia ten como finalidade proporcionarlle aos alumnos uns coñecementos que lle deberán servir de base para o estudo doutras materias de contido xurídico que se imparten na titulación. Preténdese que o alumno tome contacto coa realidade xurídica a través do coñecemento de institucións básicas do Dereito Civil, Constitucional, Administrativo, Mercantil e Fiscal. Ao ter o Dereito Civil un carácter supletorio respecto de calquera outras ramas do ordenamento xurídico, afondarase no estudo das institucións básicas, principalmente no Dereito Civil Patrimonial.</p> <p>É quizais o léxico xurídico o que dificulta a aprendizaxe na primeira toma de contacto co Dereito. Na maioría dos casos, os alumnos que inician o estudo da carreira non teñen costume de ler ou interpretar textos xurídicos, trátase pois de facilitar ese traballo, de tal maneira que se lle axuda ao alumno a coñecer e manexar con soltura o léxico xurídico, o que, como queda dito, lle vai proporcionar unha enorme axuda no estudo doutras materias da carreira. Para tal efecto, as clases prácticas desenvolvidas ao longo de todo o curso terán un carácter esencial. Nelas, o alumno tomará contacto coa realidade xurídica máis actual, a través do estudo e do comentario de resolucións xudiciais, e normas de calquera tipo; para iso será imprescindible a aprendizaxe no manexo das fontes.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A4	Dirección e xestión de recursos humanos.
A10	Organización e dirección de empresas.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A15	Dirixir grupos de persoas.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.



B5	Toma de decisións.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Habilidades nas relacións interpersoais.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
B13	Adaptación a novas situacións.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B15	Creatividade.
B16	Liderado.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Obxectivos da materia	A1	B1
A materia ten como finalidade proporcionarlle ao alumno uns coñecementos que lle deberán servir de base para o estudo doutras materias de contido xurídico que se imparten na titulación. Preténdese que o alumno tome contacto coa realidade xurídica a través do coñecemento de institucións básicas do Dereito Civil, Constitucional, Administrativo, Mercantil e Fiscal.	A4	B2	C3
Ao ter o Dereito Civil un carácter supletorio respecto de calquera outras ramas do ordenamento xurídico, afondarase no estudo das institucións básicas, principalmente no Dereito Civil Patrimonial.	A10	B3	C4
É quizais o léxico xurídico o que dificulta a aprendizaxe na primeira toma de contacto co Dereito. Na maioría dos casos, os alumnos que inician o estudo da carreira non teñen costume de ler ou interpretar textos xurídicos, trátase pois de facilitar ese traballo, de tal maneira que se lle axuda ao alumno a coñecer e manexar con soltura o léxico xurídico, o que, como queda dito, lle vai proporcionar unha enorme axuda no estudo doutras materias da carreira. Para tal efecto, as clases prácticas desenvolvidas ao longo de todo o curso terán un carácter esencial. Nelas, o alumno tomará contacto coa realidade xurídica máis actual, a través do estudo e do comentario de resolucións xudiciais, e normas de calquera tipo; para iso será imprescindible a aprendizaxe e manexo das fontes.	A13	B4	C6
	A14	B5	C7
	A15	B6	
	A31	B7	
	A32	B8	
	A33	B9	
	A35	B12	
		B13	
		B14	
		B15	
		B16	

Contidos	
Temas	Subtemas
Lección 1. O Dereito	Dereito e sociedade. A regra xurídica. Concepto do dereito. Dereito e seguridade xurídica. Dereito e xustiza. O dereito natural e o positivo



Lección 2. O Estado e a división de poderes	<p>O Estado de dereito.</p> <p>Forma de goberno e división de poderes: o poder legislativo. As Cortes Xerais, o poder executivo (o Goberno) e o poder xudicial.</p> <p>A Coroa</p>
Lección 3. A Administración e o dereito administrativo	<p>A organización territorial do Estado.</p> <p>A Administración Pública</p>
Lección 4. O Ordeamento xurídico	<p>A norma xurídica. As fontes do dereito: a lei, o costume e os principios xerais do dereito. A aplicación das normas: a interpretación, a equidade e a analogía.</p> <p>A eficacia das normas: o deber de cumprimento, a nulidade dos actos contrarios á lei e a fraude de lei.</p> <p>O ordenamento xurídico e as súas ramas: a) dereito público b) dereito privado</p>
Lección 5. O Dereito Civil	<p>Concepto.</p> <p>O Código Civil e leis especiais.</p> <p>O dereito civil das CCAA e en especial Galicia</p>
Lección 6. A persoa	<p>Concepto e clases. A capacidade das persoas físicas: a) capacidade xurídica e de obrar b) a incapacitación e as súas limitacións. Representación e xestión do patrimonio. A curadoría.</p> <p>A representación: concepto e clases.</p> <p>Representación legal.</p> <p>Representación voluntaria: concepto, clases, representación e poder.</p>
Lección 7. O Rexistro Civil	<p>Concepto. Funcións. Principios rectores.</p>
Lección 8. A persoa xurídica	<p>Clases de persoas xurídicas.</p> <p>Asociacións e Fundacións</p>
Lección 9. Os dereitos subxectivos e o patrimonio.	<p>Os feitos e actos xurídicos.</p> <p>Os dereitos subxectivos: a) Concepto b) El exercicio dos dereitos c) La prescrición: adquisitiva e extintiva d) La caducidade.</p> <p>O exercicio dos dereitos: o tempo, a boa fe no exercicio do dereito. A prohibición de abuso do dereito.</p>
Lección 10. A obriga e as súas clases	<p>Concepto de obriga. Fontes das obrigas.</p> <p>Principais tipos de obrigas: de dar, de facer, de non facer; parciais, mancomunadas e solidarias; alternativas e facultativas; recíprocas, condicionais e a prazo.</p>
Lección 11.- O cumprimento da obriga	<p>O pagamento ou cumprimento: suxeitos. Condicións de pagamento: identidade, integridade, indivisibilidade.</p> <p>Circunstancias e destino do pagamento: lugar, tempo, proba, imputación de pagamentos. Modalidades de cumprimento: dación en pagamento e pagamento por cesión de bens. Compensación, condonación e consignación.</p>
Lección 12. O incumprimento da obriga	<p>Causas do incumprimento: o dolo e a culpa ou negligencia. O caso fortuíto e a forza maior.</p> <p>Efectos do incumprimento: regras xerais.</p> <p>A mora e o atraso no cumprimento.</p>
Lección 13. Aseguramiento do crédito	<p>A responsabilidade patrimonial universal e os privilexios.</p> <p>Acción: subrogatoria; directa; revogatoria ou pauliana.</p> <p>O dereito de retención</p>
Lección 14. A extinción das obrigas	<p>Prescrición y caducidad.</p>



Lección 15. O contrato	<p>Concepto e clases.</p> <p>Elementos do contrato</p> <p>Consentimento: capacidade e vicios da vontade: o erro, o dolo e a intimidación.</p> <p>Obxecto e a causa. A forma</p> <p>Os efectos do contrato.</p> <p>A ineficacia do contrato.</p> <p>A interpretación do contrato</p>
Lección 16. Clases de contratos	<p>Os contratos traslativos de dominio:</p> <p>A compravenda: concepto. Capacidade das partes. A cousa. Obrigas do comprador e do vendedor. A dobre venda. Compravendas especiais.</p> <p>A permuta.</p> <p>A doazón.</p> <p>O contrato de arrendamento: concepto e clases: arrendamento de servizos, de obra e de cousas. A LAU 1994 e a LAR 2003. O leasing.</p> <p>A sociedade e fianza</p> <p>Outros conceptos típicos: o contrato de préstamo. O contrato de depósito. A arbitrase.</p>
Lección 17. Responsabilidade civil extracontractual	Responsabilidade civil extracontractual
Lección 18. Os dereitos reais en xeral	<p>Xeneralidades</p> <p>A posesión</p> <p>A propiedade: concepto. Modos de adquirir a propiedade: título e modo. A accesión, ocupación, achado e tesouro.</p> <p>Protección do dereito de propiedade: a) acción reivindicatoria b) acción publiciana c) acción declarativa d) acción negatoria d) outras accións</p> <p>Propiedades especiais</p>
Lección 19. O Rexistro da Propiedade	<p>A publicidade dos dereitos reais e o Rexistro da Propiedade. Principios rexistrals.</p> <p>Organización e funcionamento do Rexistro. Efectos da inscrición</p>
Lección 20.- Familia e Herdanza	<p>A economía e o matrimonio: os réximes do matrimonio. Efectos económicos da separación e o divorcio.</p> <p>A sucesión por causa de morte: a sucesión testada e intestada. As lexítimas. O dereito a suceder. Os acredores hereditarios e os acredores do herdeiro no proceso sucesorio</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A4 A10 A13 A14 A15 A31 A32 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C3	2	4	6
Estudo de casos	A33 A35 B1 B5 B14 B15	5	5	10
Saídas de campo	B12 B16 C4 C6 C7	2	2	4
Proba obxectiva	A1 B6 B13	5	25	30
Atención personalizada		100	0	100
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Plantexar ós alumnos normativa xurídica para o seu estudo e análise
Estudo de casos	Análise de casos prácticos procurando que sexan de recente actualidade
Saídas de campo	Discusións acerca de leis e normativa de recente actualidade
Proba obxectiva	Proba para acreditar o aproveitamento do alumno da asignatura

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora terá un contacto directo co alumno orientándoo á súa demanda e motivando o seu interese cara a asignatura.
Estudo de casos	
Saídas de campo	A profesora facilitará aos alumnos e alumnas que se incorporan despois das probas selectivas en setembro unhas horas no horario de titoría para acadar o nivel do resto do grupo e cursar a materia en igualdade de condicións.
Proba obxectiva	A profesora se adaptará ás necesidades especiais de aqueles alumnos ou alumnas que manifesten determinadas necesidades.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A4 A10 A13 A14 A15 A31 A32 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C3	Traballos realizados polos alumnos seguindo as directrices do profesor	20
Estudo de casos	A33 A35 B1 B5 B14 B15	Estudio de casos recentes con propostas de solucións xurídicas	10
Saídas de campo	B12 B16 C4 C6 C7	Participación en coloquios sobre temas de actualidade xurídica	10
Proba obxectiva	A1 B6 B13	Proba escrita con opción de oral	60

Observacións avaliación

Os alumnos e alumnas que se lles conceda a dispensa para cursar a materia de maneira presencial, someteranse aos exames finais oficiais marcados polo centro. Se permite que se presenten aos exames parciais programados pola profesora para o resto do grupo. A valoración dos coñecementos será en base a esa proba e será unha calificación sobre 10.

Para os alumnos en xeral: A calificación mínima nos exames parciais para que poda sumarse as prácticas debe ser dun 30% sobre 60%. Si non se cumpre este requisito as prácticas non computan. A superación dos exames parciais e das prácticas no seu conxunto conlevará que o alumno o alumna terá a materia aprobada con carácter anterior ao examen final de xuño. A calificación dos alumnos e alumnas na convocatoria extraordinaria de xullo será sobre 10, non computándose as prácticas realizadas durante o curso. O alumno ou alumna que non se presente aos exames finais terá a calificación de non presentado, aínda que realizase prácticas durante o curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - (Última edición). Código Civil. Tirant lo Blanch. Biblioteca virtual - Portero Molina (2012). Constitución y jurisprudencia constitucional. Tirant Lo Blanch. Biblioteca virtual - Luis Diez Picazo Antonio Gullon (1995). Instituciones de derecho civil. Tecnos - Miguel Sánchez Morón (Undécima edición). Legislación administrativa. Tecnos - Bercovitz Rodríguez Cano, Rodrigo (Última edición). Manual de introducción al derecho. Bercal S.A. Biblioteca virtual
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías